

Carmen Franco-Vázquez e Blanca Ana Roig Rechou (coords.). *Educación literaria y artística: conflictos sociales y bélicos*. 2017. Barcelona: Editorial Graó, Estudios y análisis, 2. 178 pp.

A obra *Educación literaria y artística: conflictos sociales y bélicos*, coordinada polas docentes e investigadoras Carmen Franco-Vázquez e Blanca-Ana Roig Rechou, foi editada en maio de 2017 pola Editorial Graó e con ela visibilízase a representación dos conflitos sociais e bélicos a través da Literatura infantil e xuvenil, ao mesmo tempo que se pon de manifesto a importancia que estas propostas teñen na educación literaria e artística dos máis novos. Tal e como se recolle na lapela da cuberta, esta publicación forma parte da serie de *Didáctica de la lengua y de la literatura/ Didáctica de las ciencias sociales*, polo que a Lingua, a Literatura, a Arte, as Ciencias Sociais e a Didáctica son os territorios cognitivos polos que transita esta obra. Dende eles apélase especialmente aos profesionais da mediación, dos que se agarda, ademais, que atopen neste libro unha ferramenta efectiva para incentivar a curiosidade e a reflexión do seu alumnado en torno a este tema. No resumo da contracuberta, defínense dous obxectivos fundamentais da obra: potenciar un lectorado cada vez máis competente, tanto na lectura de imaxes como de texto, e favorecer e apoiar o desenvolvemento de proxectos multidisciplinares e innovadores que teñan como eixo a temática do conflito social e bélico.

O deseño, a cargo de María Tortajada, apréciase no coidado da cuberta, en tons verdosos e con xeometría calidoscópica, na que se advirte a calidez e a suavidade ao tacto do seu laminado mate. A contracuberta, con tipografía branca sobre fondo verde, incorpora unha síntese do libro e esta información complétase cunhas lapelas negras que engaden outra información complementaria sobre as autoras e a edición.

O libro ofrece un conxunto de dez estudos realizados por diferentes investigadoras do grupo de Investigación Literaria, da Universidade de Santiago de Compostela, que son tamén compoñentes da asociación ELOS e da denominada Elos-Galicia. Tal e como se cita na primeira solapa, xorde como resultado das reflexións realizadas no marco do proxecto de investigación “Tematología y Métodos. Las guerras en la narrativa juvenil en el Marco Ibérico”, cofinanciado polo Ministerio de Economía y Competitividad e o Fondo Europeo de Desarrollo Regional 2007-2013 (FEDER) (MI-NECO-FEDER). Malia ter un punto de partida colectivo, arroupado por outras publicacións previas que investigan tamén arredor do tema, a perspectiva de cada capítulo é persoal e específica, de xeito que o conxunto pode presumir de amosar unha mirada rica e múltiple sobre o tema. A liña estrutural seguida é sinxela e os diferentes textos sucédense na orde alfabética dos nomes das súas autoras. Só os precede un índice e unha introdución moi sintética onde quedan definidos os obxectivos últimos que persegue a obra e unha revisión moi esquemática do seu contido.

14

O primeiro capítulo, da docente e investigadora Eulalia Agrelo, titúlase “Agustín Fernández Paz: educación literaria y conflictos sociales”. Agrelo reivindica nel a figura do autor galego como escritor de referencia, eloxiando a súa contribución á educación literaria e social do seu lectorado. O punto de vista inicial achégase a un Fernández Paz lector para dar a coñecer como foi a conformación do seu imaxinario ata converterse en escritor. Dese xeito Agrelo sinala aquelas obras (literatura, cómic, cinema...) que configuraron a súa traxectoria como lector e fala tamén do seu labor docente, precursor dunha educación literaria afastada do ensino máis tradicional na que se evidencia ademais un compromiso coa renovación pedagóxica en lingua galega. A figura do escritor amósase como a dun observador atento e reflexivo do seu contexto, un “cronista” que converte a súa obra en testemuño dos conflitos sociais do momento removendo a conciencia e apelando á mirada crítica do lectorado. Neste primeiro capítulo Eulalia Agrelo detense naquelas obras de Fernández Paz que ilustran as grandes problemáticas: de exclusión, ecolóxicas, multiculturalidade, perda de valores, civismo... conformando unha selección de grande utilidade para traballar nas aulas.

A continuación, en “Conflictos sociales en tres novelas juveniles premiadas”, Mar Fernández Vázquez alude e xustifica a importancia clave de varios conceptos na metodoloxía da educación literaria: “lector común”, “intertexto”

to”, “intertexto lector”, “intertexto discursivo”, que servirán de punto de partida para a análise de tres obras da narrativa xuvenil: *Una habitación en Babel* (2009), *Paraules emmetzinades* (2010) e *El festín de la muerte* (2012), onde a temática xira ao redor do conflito social a nivel identitario, cultural e ideolóxico. Préstase especial atención á recepción da obra literaria para entender a estreita vinculación dos conceptos citados e insístese na necesidade de transformar os conflitos sociais mentres se potencia a comprensión do Outro.

M<sup>a</sup> del Carmen Ferreira continúa a defender no terceiro capítulo a necesidade de reflexionar co lectorado infantil e xuvenil sobre as consecuencias negativas que supón calquera conflito, neste caso, unha guerra. No seu estudo “Educación literaria y valores: la Segunda Guerra Mundial en una selección de álbumes narrativos” Ferreira xustifica como o tema da guerra está presente na realidade dos máis novos a través dos medios de comunicación e, pese a iso, segue a estar considerado en moitas ocasións un tema tabú pola súa crueza ou dramatismo e inadecuado para o traballo coa infancia. A autora deste capítulo analiza a través de cinco álbums: *Rose Blanche* (1985), de Christophe Gallaz e Roberto Innocenti; *Otto: The autobiography of a Teddy Bear* (1999), de Toni Ungerer; *Sauve-toi Élie!* (2003), de Elisabeth Brami e Bernanrd Juetnet; *Erika's Story* (2003), de Ruth Vander Zee e Roberto Innocenti, e *Fume* (2008), de Antón Fortes e Joanna Concejo), as potencialidades destas obras para promover valores positivos nos máis novos (educación pola paz, solidariedade, interculturalidade...), engadindo ao final do capítulo unha relación de actividades coas que se podería traballar con esta temática.

No capítulo catro, Carmen Franco-Vázquez presenta a través do seu estudo, “Apuntes sobre las relaciones entre el arte y los conflictos bélicos” unha revisión pola historia da arte na que selecciona aquelas obras e artistas que traballaron no binomio arte-guerra. Fai mención tanto a aquelas representacións centradas en destacar o carácter heroico do conflito coma aos traballos de encomenda nos que a liberdade creativa vén definida pola persoa que fai a encarga, pasando por propostas nas que o foco recae na poboación civil e ofrece, entón, a imaxe do dramatismo atroz e das consecuencias da traxedia. Incluso se coloca na perspectiva do artista que vive nun contexto de guerra e reflexiónase sobre como esta condiciona as súas propostas creativas (século XX das Vangardas artísticas europeas). O capítulo complétase cun espazo dedicado á censura para rematar con outro apartado centrado nas propostas que dende a arte contemporánea se veñen realizando ao redor do tema. Para

rematar, a autora lembra a potencialidade que a educación artística ten no contexto da aula para traballar sobre o conflito, sexa este bélico, social ou individual.

Rocío García Pedreira, coa súa proposta “Leer, sentir, aprender: el horror nazi a través de dos obras con protagonista infantil de John Boyne”, incide novamente no tratamento que dende os medios de comunicación se fai do conflito bélico, defendendo a capacidade da literatura para paliar a insensibilización ao acentuar a súa dimensión emocional e promover o contacto efectivo entre lector e texto, permitíndolle ao lectorado, en definitiva, empatizar co protagonista ao mesmo tempo que interioriza os acontecementos. García Pedreira exemplifica coa análise de dúas obras do escritor irlandés John Boyne: *El niño con el pijama de rayas* (2007) e *El niño en la cima de la montaña* (2016) a súa defensa do valor da literatura, neste caso xuvenil, para posibilitar que o lectorado máis novo conecte emocionalmente con realidades moi diversas a partir de obras que teñen en conta a singularidade do perfil ao que se dirixen.

16

Isabel Mociño, en “Conflictos sociales en la narrativa juvenil gallega: un itinerario posible”, comeza o seu escrito introducindo o caso da literatura xuvenil, achegando consideracións e valoracións xerais sobre as súas características e reflexionando sobre o papel do mediador na educación literaria destes lectores. Logo traza un percorrido pola literatura de mediados do século XX a partir dunha selección persoal de obras que conseguiron facer visíbeis certos conflitos sociais. Xunto a elas, aparecen tamén referencias a pezas cinematográficas que complementan coa linguaxe audiovisual algunhas das problemáticas tratadas. Mociño insiste na última páxina na oportunidade que estas obras supoñen para descubrir valores, impulsar o sentido crítico e a reflexión persoal e tamén achegar aos mozos e mozas os conflitos sociais do seu tempo ou do pasado recente. Unha lectura acorde aos seus intereses que contribúe tamén á adquisición de competencias comunicativas e literarias incidindo especialmente no hábito lector.

No capítulo sete, Marta Neira centra a súa proposta na representación da muller refuxiada co seu texto “El reflejo de las mujeres refugiadas en la narrativa infantil y juvenil gallega. Un par de ejemplos para trabajar en las aulas”. Neira comeza recordando a importancia que na actualidade ten a educación literaria dende os niveis educativos da Educación Primaria e a grande oportunidade que teñen os mediadores para implicar o alumnado nun proceso

duradeiro e eficaz de formación lectora. Así mesmo, recorda a responsabilidade de visibilizar a crueza que supón un conflito bélico e o papel que as mulleres teñen desempeñado neles. A autora defende a través da análise de dúas obras: *Mañá fará bo día* (1993), de Luce Fillol, e *Tristes armas* (1994), de Marina Mayoral, o emprego da literatura na aula para promover a reflexión do estudantado sobre momentos históricos que non viviron e que permaneceron ignorados, falseados ou silenciados.

Verónica Pousada co traballo titulado “Los conflictos en las creaciones poéticas de Shel Silverstein” céntrase na figura do polifacético Shel Silverstein para reivindicar as posibilidades que a súa obra ofrece para traballar na aula dende o punto de vista literario e artístico calquera tema, por inadecuado que pareza. Pousada destaca do traballo de Silverstein a súa capacidade subversiva para cuestionar as convencións establecidas e romper tamén cos prexuízos vinculados á Literatura infantil e xuvenil. Céntrase para o seu estudo en tres poemarios, exemplos que tratan situacións conflitivas como a morte, a guerra ou a violencia: *Where teh Sidewalk Ends*, *A Light in the Attic* e *Falling Up: Poems and Drawings*, onde S.Silverstein é autor tanto do texto como das ilustracións.

Blanca-Ana Roig en “Conflictos sociales y bélicos en la planificación de la educación literaria” inicia o seu texto co foco posto na educación literaria como metodoloxía. Nas primeiras liñas do escrito alude á súa importancia fundamental, diferenciándoa do ensino da literatura e recordando as súas características e potencialidades. Logo desta entrada, céntrase xa nunha das temáticas considerada tabú durante moito tempo, a representación do conflito bélico e social, para defender a súa presenza no contexto da Literatura infantil e xuvenil do século XXI e na planificación da educación literaria. Con este obxectivo detense e recomenda seis álbums que non deberían faltar nunha primeira selección. Finaliza o traballo chamando a atención dos mediadores lexislativos a que se involucren, xunto con especialistas da materia, na realización de plans lectores voluntarios que axuden os mediadores e consigan afianzar unha lectura variada que non exclúa temas por consideralos “difíciles”.

Por último, e completando o conxunto de estudos recollidos neste libro, engádese “Fracturas identitarias y educación literaria: migración e integración social en *Dicen que soy árabe*, de Soraya Nini”. O autor, Juan José Varela

toma a novela autobiográfica de Soraya Nini, *Ils disent que je suis une beurette* (1993), e a correspondente adaptación cinematográfica, *Samia* (2000), para facer visíbel, a través dun estudo minucioso, como, a través da literatura, o espectador é quen de mergullarse nun conflito identitario, o que se dá na pel da protagonista, Samia, mentres descifra os conceptos de pertenza e nación, identidade nacional e rexional francesa.

Co convencemento da potencialidade que este tipo de propostas teñen para o conxunto da comunidade educativa péchase esta publicación colectiva, da que podemos destacar a importante aposta pola educación literaria e artística. *Educación literaria y artística: conflictos sociales y bélicos* aborda, dende múltiples perspectivas, un tema de por si poliédrico, a representación do conflito bélico e social na LIX. Nela recóllense exemplos, tanto de conflitos actuais como históricos, temáticas tabú, problemáticas atemporais, de identidade nacional e individual, problemáticas específicas de contextos rurais ou urbanos... Grazas á riqueza de enfoque pola que se aposta: estudos xerais e específicos, seleccións de obras, análises, reflexións teóricas... o lectorado, especialmente as/os docentes, poderá atopar nesta obra un instrumento de activación, múltiples referencias motivadoras e material de apoio para tratar e facer visíbel este tema na aula. Así, tal como afirma Roig na súa achega,

Trabajar con este lectorado temas difíciles, representados en obras realistas, es una forma importante de ir creando el imaginario de los más jóvenes con símbolos, mitos, estereotipos y motivos que la literatura reescribe a través de los tiempos y ayudarán a que la memoria funcione como antídoto de la repetición (Roig, 2017:164).

*Olalla Cortizas Varela*

Universidade de Santiago de Compostela/  
Instituto de Ciencias da Educación (ICE)